

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE ALUMNADO AO CONSELLO ESCOLAR (2022)

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022, da dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **DOUS (2) alumnos/as**, dun total de **CATRO (4)** que debe ter o Consello Escolar

2.- Son electores e elixibles tódolos alumnos matriculados no centro no presente curso 2022-23.

3.- As candidaturas poderán ser presentadas dende o **9 ao 16 de novembro na secretaría deste centro** segundo o modelo que se facilitará na propia Secretaría do Instituto ou na Web <http://www.fernandowirtz.com>

4.- O censo electoral dos alumnos está a disposición na conserxería do centro a partir do día da data. As reclamacións ao mesmo realizaranse mediante escrito dirixido a Xunta electoral antes do 16 de novembro as 14:00.

5.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os alumnos que non se presenten como candidatos/as, o día **21 de novembro, ás 11:30 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente/a, e dous alumnos, actuando de secretario/a o de menor idade.

6.- A campaña electoral comprenderá dende o 21 ao 27 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. O día 28 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

7.- As votacións realizaranse neste IES o **día 29 de novembro, de 11:00 a 13:00 e de 18:00 a 20:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 10:45 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **UN (1) nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, 9 de novembro de 2022

O DIRECTOR e Presidente da Xunta Electoral

Asinado dixitalmente

Asdo: Rafael Menéndez de la Vega

